

RÚBRICA DO RETO 2 - DESEÑO

Criterio	Excelente (10-9)	Ben (8-7)	Mellorable (6-5)	Insuficiente (<5)
1. Calidade e variedade de propostas	O equipo presentou varias ideas orixinais, variadas e ben desenvolvidas.	Hai varias ideas claras e con bo nivel de detalle.	Algúns bosqueños adecuados, pero pouca variedade ou calidade irregular.	As propostas son escasas, pouco creativas ou pouco pulidas.
2. Proceso de selección e consenso	Chegou ao deseño final tras un debate construtivo, tendo en conta todas as opinións.	Escolleron un deseño tras comentarios útiles, aínda que con menos debate.	A selección foi rápida, con pouco intercambio de ideas e sen acordo real.	Non houbo proceso de consenso ou a decisión foi arbitraria.
3. Definición das características da colección	Identificaron e describiron con claridade varios criterios (cores, materiais, mensaxe...) que debe cumprir o deseño.	Definiron criterios principais de forma comprensible, con algún detalle menos desenvolvido.	Houbo criterios básicos, pero faltou concreción ou coherencia entre eles.	Non identificaron criterios claros ou non explicaron as súas decisións.
4. Colaboración e participación equitativa	Todas as persoas do grupo achegaron ideas, participaron e respectáronse mutuamente.	A maioría colaborou, cun reparto xeralmente equilibrado.	Algúns membros participaron pouco ou houbo desigualdade de achegas.	Só un ou dous participantes tomaron as decisións; pouca colaboración real.
5. Uso da lingua galega no proceso	Empregaron sempre o galego, en todo momento, coidando a corrección e adaptándoa ao contexto.	Usaron habitualmente o galego, con pequenos erros ou interferencias doutras linguas.	Usaron o galego de forma intermitente ou con erros frecuentes.	Practicamente non usaron o galego no debate nin na presentación de criterios.



“Marcando páxinas”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)